



Concello de Cervo

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE CERVO - "CLUB LIMOSA SURF" PARA 2022

En Cervo a 23/12/2022

REUNIDOS

Dunha parte, Víctor González Bellón con NIF 34635178-F en calidade de presidente/a de CLUB LIMOSA SURF con CIF V27362185, intervindo con facultades plenas para a sinatura do Convenio.

Doutra parte Alfonso Villares Bermúdez, con D.N.I. nº 77.591.963-Z, Alcalde - Presidente do Excmo. Concello de Cervo, que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, intervéñen con capacidade plena para a sinatura do presente Convenio.



EXPOÑEN :

PRIMEIRO.- Que as entidades locais, en canto que Administracións Públicas con competencias sobre fomento do deporte e ocupación do tempo libre, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que se consideren de utilidade pública, de interese social ou de promoción dunha finalidade pública, mediante a concesión de subvencións, segundo o disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

SEGUNDO.- Que no artigo 22.2., da Lei 38/2003, xeral de subvencións, se prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais ou con carácter excepcional aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

TERCEIRO.- Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, se configura o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

En base a todo o que se acaba de expoñer, subscríbese o presente Convenio de colaboración coas seguintes **CLÁUSULAS**:

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención prevista nominativamente no orzamento do Concello de Cervo para o ano



Concello de Cervo

2022 polo importe de 1.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 340/4890006 - Subvención "Club Limosa Surf".

SEGUNDA: A actividade subvencionada consiste no desempeño de accións necesarias para a "realización de actividades deportivas relacionadas co surf e o skate e gastos de funcionamento da asociación", permitindo, en todo caso, a máxima participación veciñal en dita actividade.

TERCEIRA: Que o **Excmo. Concello de Cervo** comprométese a aportar a cantidade de 1.000 €, con carácter postpagable, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican máis adiante no presente Convenio, e ingresar a cantidade a subvencionar na conta corrente co número:

ES70-2080-0160-4530-4000-8764

CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, para o que disporá dun prazo de 3 meses dende a sinatura do convenio e, en todo caso, ata a fin do exercicio orzamentario.

QUINTA: Gastos subvencionables :

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda) e se realicen no prazo establecido.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Gastos de procedementos xudiciais.
- d) Impostos directos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Impostos sobre a renda.

SEXTA: Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención durante o período correspondente.

SÉTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:

- 1) Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2) Xustificar perante o **Excmo. Concello de Cervo** o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.



Concello de Cervo

- 3) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 4) Comunicar ao **Excmo. Concello de Cervo** a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 5) A documentación sinalada no número 7 das Bases Reguladoras da Concesión de Subvencións do orzamento do Concello de Cervo para 2022.
- 6) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 7) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, así como no número 12 das Bases Reguladoras da Concesión de Subvencións do orzamento do Concello de Cervo para 2022.



OITAVA: Obriga de xustificación:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, as facturas orixinais do gasto ou fotocopias debidamente compulsadas ou calquera noutro documento con validez xurídica que permita acreditar fehacientemente o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que se incorra.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

A presentación da conta xustificativa realizarase como máximo no prazo de 3 meses dende a súa sinatura, e en todo caso antes da finalización do exercicio orzamentario. En caso contrario perderase o dereito á percepción da subvención.

NOVENA: Reintegro:

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación das mesmas, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, todo elo sen prexuízo do disposto nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMA: O presente Convenio ten natureza administrativa, rexéndose pola Lei 38/2003, de



Concello de Cervo

17 de novembro, Xeral de Subvencións e As Bases reguladoras da Concesión de subvencións do Concello de Cervo (Anexo V das Bases de Execución do orzamento do Concello para 2022) e demais normativa concordante. A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

UNDÉCIMA: Comisión de seguimento.

De acordo co disposto no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público e ao obxecto de levar a cabo o seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio de colaboración, así como a resolución das cuestións que poideran suscitarse durante a súa vixencia en relación coa interpretación e o cumprimento do mesmo, crease unha Comisión de seguimento que estará integrada polos seguintes membros:

En representación do Concello de Cervo: Concellería de Deportes, Concellería de Cultura, ou persoas en quen deleguen, podéndose recabar o asesoramento dos técnicos municipais

En representación de CLUB LIMOSA SURF: Cargos de presidencia e secretaría

O funcionamento desta Comisión rexirase polas normas contidas nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

E sen mais que manifestar, e en proba de conformidade, asinan o CONVENIO DE COLABORACION no lugar e data indicados no encabezamento.



○ Alcalde-presidente

Asdo.: Alfonso Villares Bermúdez

O/A presidente/a da Asociación/Clube

Asdo.: Victor González Bellón